

**Calendario académico curso 2010-11.  
Estudos oficiais de GRAO E MÁSTER**

Aprobado polo Consello de Goberno do 17 de febreiro de 2010

1.- O período lectivo do curso académico comprenderá do día 1 de setembro de 2010 ao sábado 30 de xullo de 2011 organizado en dous períodos académicos.

2.- As actividades académicas comezarán e rematarán nas datas seguintes:

Primeiro período:

inicio: luns 13 de setembro de 2010  
remate: xoves 27 de xaneiro de 2011

Segundo período:

inicio: luns 31 de xaneiro de 2011  
remate: venres de 3 de xuño de 2011

3.- Cando estea previsto a realización de probas de avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades para seren avaliados quedando o calendario recomendado de probas de avaliación organizado en tres períodos:

	Datas das probas de avaliación	Data límite de rexistro das cualificacións en xescampus
Primeiro período	do mércores 12 de xaneiro ao xoves 27 de xaneiro de 2011 (14 días hábiles incluídos sábados)	venres 11 de febreiro de 2011
Segundo período	do xoves 19 de maio ao venres 3 de xuño de 2011 (14 días hábiles incluídos sábados)	venres 24 de xuño de 2011
Xullo	Do venres 1 ao venres 15 de xullo de 2011 (13 días hábiles, incluídos sábados)	xoves 28 de xullo de 2011

4.- As actividades académicas interromperanse dende o día xoves 23 de decembro de 2010 ata o sábado 8 de xaneiro de 2011 (ambos os dous incluídos), os días luns 7 e martes 8 de marzo e dende o luns 18 de abril ata o sábado 23 de abril de 2011 (ambos os dous incluídos).

5.- A festividade de San Tomé celebrarase o día venres 28 de xaneiro de 2009, que será festivo na USC. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o da festividade de cada un deles.

6.- Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos centros coincidan en martes ou xoves celebraranse o luns ou venres máis próximo; e se cadraran en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

7.- Son festividade dos centros as seguintes:

- 4 de outubro (S. Francisco de Asís): Fac. de Veterinaria.
- 18 de outubro (S. Lucas): Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Medicina).
- 15 de novembro (S. Alberte Magno): Facultades de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química e Ciencias.
- 27 de novembro (S. Xosé de Calasanz): E. U. de Formación do Profesorado.
- 8 de decembro (Inmaculada): Fac. de Farmacia.
- 13 de decembro (Sta. Otilia): E. U. de Óptica e Optometría.
- 23 de xaneiro (S. Raimundo de Peñafort): Fac. de Dereito.
- 9 de febreiro (Sta. Apolonia): Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Odontoloxía).
- 24 de febreiro (Xoán Huarte de S. Xoán): Fac. de Psicoloxía.
- 8 de marzo (S. Xoán de Deus): E. U. de Enfermería.
- 9 de marzo (natalicio do Padre Sarmiento): Fac. de CC. da Educación.
- 19 de marzo (S. Xosé): Fac. de Ciencias Políticas e Sociais.
- 5 de abril (S. Vicente Ferrer): Fac. de CC. Económicas e Empresariais e Fac. de Administración e Dirección de Empresas.
- 15 abril (natalicio de Leonardo da Vinci): Escola Técnica Superior de Enxeñería.
- 22 de abril (Día da Terra): Escola Politécnica Superior.
- 26 de abril (S. Isidoro de Sevilla): Facultades de Filoloxía, Filosofía, Humanidades e Xeografía e Historia.
- 1 de maio (Día do Traballo): E. U. de Relacións Laborais.
- 3 de maio (Día da Liberdade de Expresión): Fac. de Ciencias da Comunicación.

8.- Cada Centro, en función das súas características e/ou circunstancias, poderá solicitar unha adaptación deste calendario á Secretaría Xeral da Universidade.

9. Os centros con titulacións non adaptadas ao EEES poderán acollerse ao calendario académico de Grao e Máster tras o acordo da Xunta de Centro e comunicación á Secretaría Xeral da Universidade e ao Vicerreitorado de Oferta Docente e EEES.